

FESTA DA ISTORIA RIBADAVIA



venres 29 agosto
Xornada de apertura Festa da Istoria



10:30h X CONCURSO DE PINTURA RÁPIDA

Ao soar das campás, os artistas toman cabaleta e pincel para dar comezo ao **X CONCURSO DE PINTURA RÁPIDA**, enchendo de cor e maxia as rúas e prazas da vila ata a hora sexta da tarde.

11:00h CAMPAMENTO MEDIEVAL

Ábrense as portas do **CASTELO DOS SARMIENTO**, onde revive un **CAMPAMENTO MEDIEVAL** con xogos, artes e saberes de outrora, activo durante toda a xornada.

18:00h MERCADO MEDIEVAL

O corazón da vila esperta co bulir dos mercadores: inaugúrase o **GRAN MERCADO MEDIEVAL**, cheo de artesáns, aromas e músicas.

19:00h EXPOSICIÓN "X CONCURSO DE PINTURA RÁPIDA"

No Club Artístico, **EXPOSICIÓN** das obras creadas e solemne **ENTREGA DE GALARDÓNS** do X Concurso de Pintura Rápida.

20:30h CONCERTO MÚSICA MEDIEVAL

A antiga **Igrexa de San Domingos** échese de harmonías celestiais co concerto do **CORO DA ISTORIA** e o **ENSEMBLE DE A LIRA**, recibindo como coro convidado ao **GRUPO OURENSÁN KANTANTIBUS**.

21:00h BANDO DA ISTORIA

Entre tambores e trompetas, o pregoeiro a cabalo proclama o **BANDO DA ISTORIA**, acompañado polos poderosos ritmos dos **TABALEIROS DA ISTORIA**.

21:30h PANDEIRETEIRAS DA ISTORIA

A tradición revive coas voces das **PANDEREITEIRAS DA ISTORIA**, que farán soar a Praza da Madalena.

22:00h TABALEIROS DA ISTORIA

Música nas rúas a cargo dos **TABALEIROS DA ISTORIA**, facendo vibrar o pobo co son dos seus tambores.

22:30h TEATRO "O MALSÍN"

Representación teatral de **recreación histórica: "O MALSÍN"**, relato de intrigas e contos da vila.

23:30h CONCERTO "GRUPO FOLK COANHADEIRA"

O palco da Alameda acolle o concerto do **GRUPO FOLK COANHADEIRA**, cun son festivo que fará bailar a veciñanza e visitantes.

Ao rematar o concerto **CORREFOC DIMONIS RAFOLINS**. — A noite prende lume cos Correfoc pola alameda e fachada do castelo dos Sarmiento, un espectáculo de lume e pirotecnia a cargo de **Correfoc Dimonis Rafolins** (Alicante).



Coanhadeira



FESTA DA ISTORIA RIBADAVIA



sábado 30 agosto

Xornada de apertura Festa da Istoria



- 10:30h** **MERCADO MEDIEVAL E APERTURA DO BANCO ALHÓNDIGA**
As rúas do centro histórico enchense de vida coa apertura do **MERCADO MEDIEVAL**, que permanecerá ata a noite, xunto á **apertura do BANCO DA ALHÓNDIGA**.
- 11:00h** **GRAN DESFILE DA ISTORIA**
O pobo xúntase para gozar e percorre as rúas dende a Baixada ao Consello ata o Castelo.
- 11:30h** **LECTURA DO PREGÓN a cargo de D. PEDRO VALDEREY e NOMEAMENTO de NOTABLES DA ISTORIA.** Na fachada do Castelo celébrase o solemne acto.
- 12:00h** **AS PORTAS DO CASTELO DOS SARMIENTO**
Ábrese para recibir animación, tiro con arco, teatro, recreacións históricas, música, cetraría e oficios da época. (Entrada só para persoas que vistan traxe medieval ata as 19:00 h. peche ás 22:00 h).
- 12:30h** **DONAS CON CABALEIROS DA ISTORIA**
Na Praza Maior, as danzas antigas cobran vida co grupo **DONAS CON CABALEIROS DA ISTORIA**.
- 13:00h** **XADREZ VIVENTE**
O taboleiro convértese en escenario do **XADREZ VIVENTE**, no Auditorio do Castelo.
- 13:00h** **VODA XUDÍA** Dende a rúa dos Fornos sae a **COMITIVA NUPCIAL**, anunciando a voda...
- 13:30h** **DUELO DE CABALEIROS**
Comeza o duelo de Cabaleiros, **ESPECIALISTAS DE HÍPICA CELTA**, no Auditorio do Castelo.
- 14:00h** **RECREACIÓN DA VODA XUDÍA**, seguindo os ritos e costumes sefardíes, coa comitiva ata a Igrexa da Oliveira (acceso só con traxe de época).
- 14:30h** **EXHIBICIÓN DE CETRARÍA** na Praza Maior
- 14:30h** **XANTAR MEDIEVAL** na Madalena (con reserva previa).
- 17:00h** **VII CERTAME DE VESTIMENTA MEDIEVAL**
No Castelo (inscricións ata as 16:00h no punto de información da Istoria).
- 17:30h** **TABALEIROS DE ISTORIA**
Polas rúas e prazas resoan os tambores animando a tarde
- 18:30h** **CHARLA/ EXHIBICIÓN DA VESTIMENTA DUN MERCENARIO DO SÉCULO XV.** No Castelo.
- 18:30h** **CARREIRA DE PIPOTES**
A emoción chega coa tradicional Carreira de Pipotes, dende a rúa Progreso ata o Castelo.
- 19:00h** **CETRARÍA.** Nova exhibición na Veronza a cargo de **AGUILAS DE VALPORQUERO**.
- 19:30h** **TORNEO MEDIEVAL** na Veronza. Celébrase, con **ESPECIALISTAS DE HÍPICA CELTA**.
- 21:00h** **BAILE MEDIEVAL** O Auditorio do Castelo acolle o Baile Medieval "**DONAS SEN CABALEIROS DA ISTORIA**", mentres a Praza da Madalena vibra cos Sons da Istoria.
- 21:30h** **SONS DA ISTORIA OS CHEMIGAL.** No corazón da noite, a Praza da Madalena énchese de ritmos galegos que, dende a tradición ata o presente, farán danzar á vila coma nunha festa ancestral.
- 22:00h** **BANCO ALHÓNDIGA.** Peche.
- 23:00h** **GRUPO DE FOLK "TANTO NOS TEN".**
Gran concerto na **Praza de San Martiño**, para poñer o broche musical á xornada.



FESTA DA ISTORIA RIBADAVIA



domingo 31 agosto

Xornada de remate Festa da Istoria

12:00h A 22:00h MERCADO ARTESANAL

Apertura do Mercado Artesanal, que encherá as rúas e prazas do Centro Histórico.

• Durante toda a xornada – Música e animación poñerán son e alegría á despedida da festa.

PARTICIPAN NA ISTORIA

- Voluntarios/as da Istoria, Adiantado Maior do Reino
- Animación, música e teatro durante todo o día
- Artesáns
- Asociación de Amigos de la Noche Templaria de Ponferrada
- Banda de Gaitas Airiños de Arnoia
- Clero
- Compañía Artimaña
- Coro da Istoria
- Don Pedro e Dona Ana
- Especialistas Hípica Celta
- Gaiteros Castrodeallo
- Gastrafetes
- Grupo de baile Donas sen Cabaleiros
- Grupo Gaeloc
- Grupo Grimorium
- Aguilas de Valporquero
- Nenos de Xadrez
- Nobres
- Notables
- Pandereteiras da Istoria
- Pregoeiros e convidados de honra
- Rei García e a súa Dona
- Recreación Histórica EmCadeamentos
- Soldados
- Tabaleiros da Istoria
- Mendongos de Coribantes
- Trudion Medieval
- Valdapaiso de Francelos
- Verdugo
- Voda Xudía



A voluntariedade da xente é clave para poder realizar esta representación

Falar de voluntarios na Istoria é recoñecer a importancia fundamental dos mesmos, pola súa colaboración e número, en tódalas actividades do ano.

Máis de 500 voluntarios (do Ribeiro e de fóra) colaboran en todo momento coa Istoria, aínda que algúns non o fan só nunha actividade, senón que poden aparecer en varias actividades. Tódolos membros da organización tamén son voluntarios.

Aqueles voluntarios que destacan pola súa continuidade e apoio constante, noméanse como "Notables da Istoria".